

Expediente: Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a Asociación das traídas de augas para o impulso da transformación dixital das comunidades e para a formación dos seus usuarios, mediante tramitación anticipada de gasto

Número de expediente: CV23013

Trámite: Memoria xustificativa

1. Antecedentes

A Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do Ciclo Integral da Auga, persegue unha xestión dos recursos hídricos máis racional e sostible, emparellada cunha xestión dos servizos públicos relacionados co ciclo integral da auga máis coordinada, profesional e eficiente.

O artigo 15 da Lei 1/2022, do 12 de xullo, indica que a Administración hidráulica de Galicia promoverá a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico para mellorar o funcionamento dos sistemas de depuración, desenvolver solucións eficientes, sustentables e adaptadas á xeografía galega, de redución do consumo de enerxía nas estacións de potabilización, nos sistemas de bombeo e nas estacións depuradoras, e de reutilización in situ dos lodos resultantes da depuración para a produción de enerxía.

Neste contexto de mellora da xestión do ciclo integral da auga, resulta de grande interese o emprego de novas tecnoloxías na monitorización, comunicación e control de procesos. Neste ámbito, a utilización de tecnoloxías dixitais conta xa cun alto grao de implantación en determinadas etapas do ciclo integral da auga como, por exemplo, en estacións de tratamento de auga potable (ETAPs) e estacións de depuración de augas residuais (EDARs). Sen embargo, non sucede o mesmo noutras infraestruturas que igualmente forman parte do ciclo como captacións, depósitos, redes de abastecemento, redes de saneamento, infraestruturas de bombeo e regulación, etc.

É evidente que para mellorar a calidade das augas e garantir os servizos de drenaxe á poboación e ás actividades económicas non abonda coa implantación de infraestruturas. Para garantir a máxima calidade da nosa auga e que estes servizos básicos de auga se presten con eficiencia e eficacia, as instalacións realizadas deberán ir acompañadas dunha adecuada xestión, explotación e mantemento.

Como primeiros pasos nesta e especificamente para avanzar no proceso de dixitalización de infraestruturas de abastecemento, Augas de Galicia pretende crear, e poñer a disposición das administracións públicas responsables dos servizos de abastecemento e das entidades prestadoras dos servizos, unha rede de estacións de medición e rexistro equipadas cun ou varios sensores de control de parámetros nos puntos estratéxicos dos sistemas de abastecemento en alta, conectadas cunha infraestrutura dixital capaz de recoller e xestionar ordenadamente a gran cantidade de datos que se reportarán.

2. Obxectivos que se pretenden

A administración autonómica é consciente da realidade do medio rural galego e coñecedora de que na nosa comunidade autónoma unha parte importante da poboación se autoabastece, ben a través de comunidades de usuarios ou ben de pozos particulares e leva moito tempo traballando para darlles apoio ás comunidades de usuarios e para poder mellorar a súa xestión da auga.



As traídas veciñais supoñen unha alternativa viable aos sistemas municipais para a dotación de auga, sobre todo no rural disperso, onde a viabilidade técnico-económica doutras infraestruturas está limitada.

Así, cinguíndonos ao ámbito do abastecemento, resulta necesario colaborar coas comunidades de usuarios para coñecer en detalle os usos da auga e as cantidades precisas para abastecer á poboación, aos procesos industriais e actividades económicas asegurando o respecto aos espazos naturais para a conservación ambiental da contorna. Ademais, este coñecemento contribuirá a que os organismos de bacía teñan unha información de detalle sobre a utilización dos recursos hídricos dispoñibles, o que tamén permitirá mellorar a súa xestión e optimizar a súa planificación en escenarios complexos como os derivados do cambio climático.

Por todo isto, Augas de Galicia asume a súa responsabilidade de colabora para impulsar medidas concretas, ferramentas e solucións tecnolóxicas novidosas que permitan a todas as partes avanzar de xeito coordinado cara unha xestión do ciclo integral da auga mellor e máis eficiente contribuíndo, así, á consecución dos obxectivos da Lei 1/2022, do 12 de xullo.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

Coxapo é unha organización sen ánimo de lucro, creada no ano 2006 e constituída formalmente no 2008, que xorde da unión das propias comunidades de augas no territorio galego.

Representa a máis de 85.000 consumidores finais no rural. É fundadora de ACOWAS (organización Europea de comunidades de Auga), desde a cal se defende a autoxestión da auga do rural desde Europa formada polos seguintes países: Irlanda, Austria, Noruega, Dinamarca e España (Galicia).

Colabora coas universidades de Vigo, A Coruña, Viena e Pisa así como con outras asociacións no campo internacional como AHJASA en Honduras, para dotar ás comunidades de auga de ferramentas que permitan levar a cabo a xestión do auga de forma adecuada, así como a protección do recurso natural.

O labor realizado por COXAPO foi recoñecida a través de proxectos ambientais europeos nos que participou, tales como o Rural Life Supplies ou sendo referencia para modelos de potabilización no Proxecto de Plan de Abastecemento Autónomo Municipal de Augas de Galicia.

No contexto doutros actores gobernamentais Coxapo intermedia e representa ante os distintos organismos de conca, o Consello Nacional da auga , a Federación de Municipios, os distintos concellos etc., aos usuarios da auga e ás súas comunidades.

O obxectivo principal da asociación é defender, formar, fortalecer as comunidades de usuarios e poñer en valor o seu coñecemento , experiencia , sustentabilidade e calidade das súas augas a través dunha mellora constante para cumprimento dos obxectivos sustentables da axenda 2020-2030.

Coxapo tamén é membro do Consello Reitor de Augas de Galicia e do seu comité permanente.



O contido da colaboración consiste na cooperación para a que Augas de Galicia poida apoiar a dixitalización nos sistemas de xestión do ciclo integral da auga en comunidades de usuarios coa fin de desenvolver, implantar e poñer en marcha unha rede autonómica de estacións dixitais de monitorización de sistemas de abastecemento de auga potable en alta.

En conclusión, considérase suficientemente xustificada a colaboración que se propón para o cumprimento e realización dos fins da entidade pública empresarial Augas de Galicia no marco das propias funcións e competencias atribuídas a esta entidade pública.

4. Estimación de custos e financiamento

O custo total da actuación de referencia contemplada neste convenio ascende a vinte e tres mil trescentos trinta e dous euros (23.332,00 €).

Para financiar a súa achega Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 6568. *Subvencións de capital a familias e institucións sen fin de lucro* do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo á anualidade 2024.

Por acordo do Consello da Xunta do 18 de outubro do 2023, aprobouse o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024. Para os efectos da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001; quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2024.

Augas de Galicia realizará un único pago a Coxapo na conta bancaria da que sexa titular, cuxa numeración facilitará a tal fin a Augas de Galicia, logo da presentación antes do 15 de outubro de 2024 da seguinte documentación acreditativa do cumprimento das cláusulas deste convenio:

- Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas e dos resultados obtidos.
- Calquera outro documento ou xustificante que sexa necesario para a adecuada xustificación dos gastos vinculados ao presente convenio. Concretamente, en relación cos custos directos:
 - Honorarios do persoal, xustificaranse mediante follas de honorarios e xustificante de pagamento bancario.
 - Viaxes e Dietas, xustificaranse mediante follas de desprazamentos, tickets e facturas e xustificante de pagamento.
 - Funxibles e outros custos, mediante facturas e documentos asociados ao gasto e xustificante de pagamento bancario.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López

